

FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL

UD2

ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS

INDICE

1. MARCO NORMATIVO
2. OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS/AS EMPRESARIOS/AS
3. OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS/AS TRABALLADORES/AS
4. O PAPEL DA INSPECCIÓN DE TRABALLO
5. MODALIDADES ORGANIZATIVAS DA PREVENCIÓN NA EMPRESA
6. PARTICIPACIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS NA PREVENCIÓN
7. XESTIÓN DA PREVENCIÓN NA EMPRESA

1.MARCO NORMATIVO

A *Lei de Prevención de Riscos Laborais (LPRL) de 1995* (e as súas modificacións e reformas posteriores) é a norma básica española sobre a saúde no traballo. A LPRL foi elaborada a partir dunha directiva europea, o Convenio nº 155 da OIT e a Constitución, que a súa vez inclúe numerosos regulamentos.

A normativa sobre prevención de riscos laborais podémola atopar en 4 tipos de normas:

NORMAS INTERNACIONAIS	-OIT, a través dos seus convenios internacionais -Normas da UE, sendo a máis importante a Directiva Marco 89/391/CEE, que aborda a organización do traballo na empresa, dereitos e obrigas en materia de prevención...	
CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA	-O artigo 40.2 da Constitución sinala que os poderes públicos deben velar pola seguridade e hixiene dos/as traballadores/as	
LEXISLACIÓN BÁSICA	-Lei de Prevención de Riscos Laborais, lei 31/1995 -Real Decreto 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención	
LEXISLACIÓN ESPECÍFICA (algúns exemplos)	-RD 485/1997 de sinalización de seguridade e saúde no traballo -RD 486/1997 sobre seguridade e saúde en lugares de traballo -RD 487/1997 sobre manipulación manual de cargas -RD 664/1997 sobre exposición a axentes biolóxicos no traballo	-RD 773/1997 sobre utilización de EPIs -RD 1215/1997 sobre utilización de equipamentos de traballo -RD 1311/2005 sobre protección fronte ás vibracións

2.OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS/AS EMPRESARIOS/AS

As obrigas do/a empresario/a en canto a prevención de riscos laborais concréntanse nunha serie de accións:

👉 PLANIFICAR A PREVENCIÓN : está obrigado/a a elaborar un plan de prevención de riscos, indicando que facer, como e con que recursos, quen o vai facer, etc.

👉 AVALIAR RISCOS: aqueles riscos que non puideran evitarse deben ser obxecto de avaliación, hai que saber cales son, onde están, para poder controlalos de formas eficaz.

👉 ELABORAR UN PLAN DE EMERXENCIA: analizando as posibles situacións de emerxencia (incendio, explosión...), e as medidas necesarias en primeiros auxilios, loita contra incendios e medidas de evacuación. Tamén se designa ó persoal encargado de adoptar as medidas e a coordinación con servizos externos: urxencias, protección civil...



👉 PROVER EQUIPAMENTOS DE TRABAJO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL: que sexan seguros así como adoptar medidas de protección para utilizar eses equipamentos.

- Entregados de forma gratuíta
- Deben de levar a marca do CE como garantía de calidade na súa fabricación, e os que protexen de riscos moi graves deben dispoñer dun código numérico de 4 díxitos (CE-xxxx) que mostra o control realizado.
- Debe de contar coa Declaración de Conformidade, que é un documento do fabricante que acredita que cumpre os requisitos de calidade e as instrucións de uso.
- Estar adaptados e ser ergonómicos, de uso persoal
- A empresa debe informar sobre como usalos e vixiar que os utilicen.

👉 DAR INFORMACIÓN E FORMACIÓN: sobre os riscos xerais da empresa e dos específicos dos seus postos de traballo, das medidas de prevención e protección, etc, cun manual de prevención.

As infraccións que cometa o/a empresario/a en materia de saúde laboral son obxecto de sanción administrativa, ademais de responsabilidades civís ou penais. Os catro tipos de responsabilidades que teñen as empresas polo incumprimento das normas son:

RESPONSABILIDADE ADMINISTRATIVA
<p>As sancións da Inspección de Traballo varían segundo a gravidade da infracción (leve, grave ou moi grave), oscilando entre 40 e 405 euros e os 409.891 e 819.780 euros.</p> <p>As posibles sancións serían: multa económica, suspensión temporal das actividades, paralización de traballos, peche do centro de traballo.</p>
RESPONSABILIDADE CIVIL
<p>Cando dos actos ou omisións do/a empresario/a se derivan danos ós/ás traballadores/as, débeselles indemnizar economicamente a eles/as ou as súas familias polos danos causados.</p>
RESPONSABILIDADE PENAL
<p>Cando por culpa do/a empresario/a se pon en perigo grave a vida, saúde ou integridade física xa existe responsabilidade penal.</p> <p>A sanción pode ser unha multa, a inhabilitación do/a empresario/a , privación de liberdade con cárcere...</p>
RECARGA NAS PRESTACIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL
<p>Cando o accidente de traballo é consecuencia directa da falta de medidas preventivas, o/a empresario/a debe pagar unha recarga que pode variar do 30%-50% na prestación que recibe o/a traballador/a: baixa laboral, incapacidade, etc.</p> <p>Por exemplo, se unha traballadora debe cobrar 1000€ de baixa, coa sanción máxima pasaría a cobrar 1500€, sendo 500€a cargo da empresa debido á falta de medidas que ocasionou o accidente.</p>

3. OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS/AS TRABALLADORES/AS

Cumpriran as medidas preventivas que adopte a empresa, non so pola súa propia seguridade, senón tamén pola de outras persoas que poidan verse afectadas.

Os DEBERES do/a traballador/a son:

- Cumprir o establecido pola autoridade competente.
- Usar adecuadamente os medios cos que realiza o seu traballo
- Utilizar correctamente os medios e equipos de protección e os dispositivos de seguridade instalados (cascos, dispositivos de alarma, etc.)
 - Informar de inmediato ó/a superior xerárquico, e ó servicio de prevención, de calquera situación que o seu xuízo entrañe risco.
- Cooperar co/a empresario/a nas medidas de prevención e protección que estableza.



Se un/unha traballador/a incumpre as súas obrigas en materia preventiva pode ser sancionado/a pola empresa conforme ás faltas leves, graves e moi graves que sinala o convenio colectivo.

A sanción pode variar desde unha amonestación verbal, ó despedimento disciplinario, responsabilidade civil, penal...

4.O PAPEL DA INSPECCIÓN DE TRABALLO

É o organismo encargado de vixiar que se cumpra a normativa laboral e de prevención de riscos laborais. Para isto realiza as seguintes funcións:

- ↘ Visita empresas para vixiar que se cumpra a normativa vixente

- ✚ Levanta actas de infraccións e propón sancións no caso de que se detecten incumprimentos.
- ✚ Se a infracción non é suficientemente grave, pode realizar advertencias e requerimentos (un escrito para que a empresa modifique certas condicións de traballo, as cales, se non son modificadas nun determinado prazo, conducen a unha sanción)
- ✚ Se detecta risco grave e inminente para a saúde dos/as traballadores/as pode ordenar a paralización inmediata da actividade e do peche temporal da empresa .
- ✚ Elaborar informes en caso de accidentes mortais, graves ou moi graves.



5.MODALIDADES ORGANIZATIVAS DA PREVENCIÓN NA EMPRESA

A normativa establece que nas empresas se deben realizar determinadas actividades preventivas de carácter máis "especializado". Estas son actividades para as cales as empresas non soen dispoñer de coñecementos e/ou medios suficientemente especializados para levalas a cabo. O/a empresario/a pode optar por algunha destas modalidades de xestión da prevención:

1)ASUMIDA PERSONALMENTE POLO/A EMPRESARIO/A

Poderá asumir persoalmente a actividade preventiva cando a empresa conte con menos de 25 traballadores/as si a empresa ten un único centro de traballo, se desenvolve de forma habitual a súa actividade profesional no centro e se conta coa capacitación correspondente. Para as funcións de vixilancia da saúde (recoñecementos médicos por exemplo) debe recorrer a outras modalidades de organización

2) TRABALLADORES/AS DESIGNADOS

A empresa poderá decidir que un ou varios traballadores/as (en función do tamaño da empresa) xestione a prevención de riscos.

Estas persoas deben ter a capacidade e formación suficiente, así como tempo e medios necesarios para levala a cabo.

3) SERVICIO DE PREVENCIÓN PROPIO

Son un "conxunto de medios humanos e materiais da empresa necesarios para a realización das actividades de prevención" (como un departamento dentro da empresa). As empresas están obrigadas a constituír un servicio de prevención propio nos supostos seguintes:

- Que se trate de empresas que contengan con máis de 500 traballadores/as.
 - Que, tratándose de empresas de entre 250 e 500, desenvolvan algunha actividade de risco especial.
 - Que, tratándose de empresas non incluídas nos apartados anteriores, así o decida a Autoridade laboral, en función do perigo da actividade desenvolvida ou da frecuencia ou gravidade da sinistralidade na empresa.
- Realizan as seguintes funcións:
- Elaborar o Plan de Prevención de Riscos Laborais
 - Avaliar os riscos
 - Determinar as prioridades de actuación
 - Formación e información
 - Vixilancia da saúde
 - Actuación en caso de primeiros auxilios e plans de emerxencia

4) SERVICIOS DE PREVENCIÓN ALLEOS

Trátase de entidades especializadas en xestionar a prevención de riscos, as cales son contratadas polas empresas.

5) SERVICIOS DE PREVENCIÓN MANCOMUNADO

A lei permite crear este servicio cando varias empresas comparten espazo de traballo ou edificio, así como no caso de polígonos industriais ou centros comerciais.

6. PARTICIPACIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS NA PREVENCIÓN

☉ **DELEGADOS DE PREVENCIÓN:** Son os representantes dos/as traballadores/as que teñen funcións específicas en prevención de riscos. O seu número varía en función do tamaño da empresa.

Ata 50 traballadores/as	Ata 100	Ata 500	Ata 1000	Ata 2000	Ata 3000	Ata 4000	Máis de 4000
1 delegado/a	2	3	4	5	6	7	8

☉ **COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE:** Nos centros de polo menos 50 traballadores/as e por tanto cando haxa comité de empresa, debe existir comité de seguridade e saúde formado tanto polos delegados de prevención como por igual número de representantes da empresa. Por exemplo, se unha empresa ten 4 delegados de prevención, neste comité teñen que estar estes 4 delegados máis outros 4 representantes da empresa.

De forma xenérica podemos sinalar que as funcións de ambos son:


- ➔ Ser consultado nas decisións sobre as medidas de prevención e protección, formación, etc.
- ➔ Participar na planificación de prevención de riscos e efectuar propostas na materia
- ➔ Ser informados sobre os accidentes de traballo
- ➔ Acompañar a Inspección nas visitas que realice
- ➔ Propoñer a paralización das actividades en caso de risco grave e inminente

7. XESTIÓN DA PREVENCIÓN NA EMPRESA

Para que a empresa cumpra coas súas obrigas preventivas debe seguir uns principios de acción preventiva que guíen a súa actuación. Algúns deles son:

- Evitar os riscos

- Avaliar os riscos que non se poidan evitar
- Combater os riscos desde a súa orixe
- Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún risco
- Planificar a prevención e a protección
- Antepoñer a protección colectiva á individual
- Adaptar o traballo á persoa
- Ter en conta como evoluciona a técnica



Todas as empresas teñen a obrigaón de avaliar aqueles riscos que non poden evitarse, o cal realizan antes do comezo da actividade e de forma periódica sempre que se producen cambios, ou existen danos ou indicios de que as medidas que se toman son insuficientes.

O método de avaliación de riscos do INSST (Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no traballo consiste en valorar dúas características de cada risco laboral: a probabilidade de que ocorra o accidente e as súas consecuencias no caso de que ocorra. Da súa combinación saenos unha clasificación do nivel de risco.

		CONSECUENCIAS		
		Lixeiramente daniñas	Daniñas	Extremadamente daniñas
PROBABILIDADE	Baixa	Trivial	Tolerable	Moderado
	Media	Tolerable	Moderado	Importante
	Alta	Moderado	Importante	Intolerable

Unha vez avaliados os riscos , o Instituto establece unha prioridade de actuación segundo o nivel de risco detectado na avaliación de riscos:

NIVEL DE RISCO	ACCIÓNS PREVENTIVAS
TRIVIAL	Non require acción específica.
TOLERABLE	Non se necesita mellorar a acción preventiva, aínda que se poden considerar melloras que non supoñan unha carga económica importante. Requírense comprobacións periódicas.
MODERADO	Débense facer esforzos para reducir o risco , investindo nas medidas precisas, as cales deben implantarse nun período de tempo determinado.
IMPORTANTE	Non debe comezarse o traballo ata que se reduciu o risco. Poidan que se precisen recursos considerables para controlar o risco.
INTOLERABLE	Non se debe continuar nin comezar o traballo ata que se reduza o risco.